RICARDO FRADE GIRÁLDEZ

¡Vaites... Vaites...!

PASATEMPO CÓMICO N-UN ACTO

:: :: Y'EN PROSA GALEGA :: ::

PREMIADA N-O CERTÁME DE OBRAS TEATRÁS GALEGAS
ABERTO POL-A IRMANDADE DA FALA DE BETANZOS



SANTIAGO
TIPOGRAFIA «LA GOMERCIAL»
MCMXXV

¡VAITES... VAITES...!

Pasatempo cómico en prosa galega n-un acto

ACTO ÚNECO

Unha cociña de aldea.—A dreita, á lareira con un brazado de tizós acesos que desfumarán por unha ben tisnada chaminea.—Encolgado de ésta, un gancho de ferro que facerá de garmalleira.—Enriba d'á lareira un pote fervendo

Ó fondo, dreita, unha artesa y' enriba d' ela un cesto de corres con patacas sin pranar; contra á parede un cunqueiro con cuncas é pratos de barro de Buño é culleres de buxo, y' ó pé d'el, un poyo prá pousal-ó balde d'á auga.—N'ó mesmo fondo, un pouco arredada, á porta que vai pr'á eira

Á esquerda, á porta d'á corte d'ó gando en primeiro término, y'en segundo, outra porta que se sopón d' a entrada ás escaleiras que levan ó sobrado.—Arredor d'á lareira, tallos pr'á se sentar.

E á cerrada d'á noite, d'unha noite de Xaneiro, n-á Pontella, lugar d'a parroquia de San Estebo d'ó Monte.

Dreita y'esquerda ás d'ó actor.

ESCENA 1.ª

(A tía Carmela, viuda de Fernández d'á Pontella, de cincuenta anos, ben conservada; inda non desmente a sona de garrida é churrusqueira que tivo n-á sua mocidá.

Sopra y'atiza o lume con rabia é nerviosamente.—De súpeto érguese y'encamiñándose a porta d'a eira...)

TIA CARM. *(Dende a porta)*. !Ou Marica...! ¡ou Marica...! *(Volvéndose)*. Esta conxenada de esta filla non veu

o mundo senón prá me derramal-á pacencia.—Ese home volvea tola y' entre ós dous hanme tiral-ás poucas forzas que este ameigado frato me deixa; x-ó eu sei.—¡E que ben soubo ela enganar á todos...! Inda me lembro d' ó que, poucas horas antes de morrer, me decía ó defuntiño—Diol-ó goce—. Non teñas pena por mín, Carmela, que ahí che deixo unha filla que, como asomelle a sua nai, há de sair unha moza de servicio.—Morrera ela, cariño, é quedaras tí, que millor servida estaría eu... *(Volve a sopral-ó lume).*

ESCENA 2.ª

(Tía Carmela.—Logo Marica, que entra c-o balde d'á auga n-á cabeza.—Pouso n-ó poyo, é dirixindose con sorna a sua nai que sigue atizando o lume...)

MARICA — E logo... ¿Xa matou ó encendio...?

TIA CARM. — *(Con un tizón n-á mau).* A tí era a quen te había de matar, mala filla, perguiceira, que en canto ves unhas cirolas mangadas n-un galleto, xa che se revira ó sentido, e non fas cousa con cousa.

MARICA — *(Con sorna).* Eu coidei que andada ó lume n-á casa, porque a tal maneira de berrar, hestra os veciños sairon a porta, e comenzaron a oubeal-ós cas, coma se andivera unha gavilla n-á aldea. ¡Vaya ó demo...! Eu non sei como lle non dá vergonza... *(Entramentres tira d' á garmalleira un caldeiro que estará quecendo, é bótalle unha pouca auga fría; colle d' á artesa unha manda de relón, botaa n-á auga, romexe todo c-ó á mau, y' apañando o caldeiro pol-ó aro, vaise prá corte cantando baixiño).*

TIA CARM. — *(Sentada onda ó lume).* ¿Que é ó que rosmas tí perguiceirona.... acabadora d' á miña vida...? ¿Prá

eso me estou eu matando en che gardar limpo de trampas ó que teu pai—Diol-ó descanse—arrecadou con tanto traballo...? Pois mira, así Dios me salve se che non ei de acabar con todo antes de morrer. ¡Ou que coidabas tí...! ¿que iba estar eu aquí raventándome a traballar é privándome de moitas cousas, que me fan moy boa falta, prá que tí lle vayas meter todo n-ó papo a ese lambeirón d' ó fillo de Xaquín d' ás Pombas...? ¡Rabeara él...! Jé... a culpa n-era vosa, non... ¡Cariño c-os mozos...! Pois sabé que pol-ó de agora, y' encanto ela viva, n-esta casa non manda mais ninguén que Carmela de Goros, y' aquí n-entran mais cirolas que ás suas. ¡Ou que coidabas tí...! (*Báixase a sopral-ó lume.—Dempois, cara á porta d' á corte*). Y' el pensas volver oxe, ou é que vas dormir n-á corte...

MARICA *(Saindo d'á corte, é decote c-ó á mesma sorna).* E que estaba agardando que acabase á pláutica prá facel-ó pola-señal...

TIA CARM. *(Endinada, agarra un tizón, é vaise car-á Marica en autitude de lle dar có el).* Mira, se non fora que che teño perda d' á roupa—que vale mais c-á tí—así eu medre se che non metía ó tizón n-ós ollos, mal enseñada, mália a quen te non criou mellor, que se en vez de te criar a tí, oubera criado unha rancha, a estas horas tiña dado ben boas cadelas, é tí ó que das son desgustos ¡Vaya todo pol-á y' alma d' ás nosas obligaciós...! ¿A quén lle sairía esta condanada que lle consome á pacencia á un santo...?

MARICA *(Que se pon a laval-ás cuncas).* E por ahí dí a xente que mesmamente son a fegura de miña nai cando era d' o meu tempo... De maneira que ó que se herda non se merca...

TIA CARM. *(Erguéndose enrabexada, dalle un bofetón que Marica agoanta sin repricar).* ¿Qué foi ó que dixeches...? En goapa inda me asomellarás algo, pró en crianza, inda has nacer outra vés prá te poder comparar conmigo.

MARICA Se me non adeprenderon mais á culpa n-á tiven eu.

TIA CARM. Se n-adeprendiches mais, foi porque te non coidas de outra cousa que andar todo ó día asobiando o melro.—Se percuraras así pol-ó que che teu pai deixou, poida dar que tiveras mais crianza é mais aquela a tua nai ¿Va que te non lembraches de ir tornal-á y' auga d' o prado d' á Uceira...?

MARICA Inda estou á tempo.

TIA CARM. ¡Se eu ben digo que tráel-ó sentido as costas...! ¡Se se non pode unha esquecer de nada...! ¡E querías ir agora...! ¿Seique tés cita c-ó outro, langueirona... c-ó ese langrán que non sabe facer outra cousa que andar todo ó día c-ó á carabina o lombo espantando ós corvos d' ó trigo coma se fora un ricachón...? Y' á culpa ten-a seu pai, que é outro tan bo coma él, e decote tivo sona de perguiceiro.—Pró tamen che digo que se vos volvo a atopar parolando xuntos... Velas *(facendo a crus c-os dedos é bicándoa)* si por non, se vos non escaldo.

MARICA Pois xa pode ir quentando a y' auga, que inda nos ha de atopar mais de catro veces.

TIA CARM. ¿Inda ó dis, demo de sinvergonza?

MARICA ¿E por qué n-o hei decir? ¿E algun pecado querer a un home que se soubo facer querer honradamente? ¿E algun crime o que me a mín guste ese home mais c-a todol-os outros xuntos? ¿E algunha aquela pousal-os ollos é o corazón n-un mozo sosmentes porque sea fillo d' o Tío Xaquín d' as Pombas? ¿Ten algun lixo que se lle non vexa? Y' estonces ¿por qué n-ei de parolar c-o él...?

TIA CARM. Cala, Marica, cala, que me vas facer estoupar coma unha castaña n-o lume.—Se vivira teu pai, xuraría que n-eras filla d' él.

MARICA Se meu pai viñera outra ves o mundo, botaríame a sua bandición.

TIA CARM. Teu pai botaría, porque decote foi un cirolazas...

MARICA Eso ben o sabe vostede.

TIA CARM. Mira, Marica, non me turres pol-o xenio.

MARICA Eu non lle turro por nada, nin me metía con vostede, se vostede se non metese conmigo.—Deixe andal-o can c-o a roca que, o cabo d' as contas a cousa halle sel-a mesma.

TIA CARM. Este demoro de esta filla, naceu prá me tolear, así Dios me salve... Tírateme de diante, Marica, tírateme de diante que son capás de facer unha con duas.—Acomoda ese gando, e volve logo pra razal-o rosario, a ver se quere Dios que che se vire ese meigallo, senón que San Andrés de Teixide e Nosa Señora do Corpiño nos vallan, porque esta casa vai acabar disgraciadamente.

MARICA Bo... moito se mata, y' o cabo, nin os santos, nin as meigas se lle meten n-estas cousas.—E non lle dea mais voltas, que o que é, como él queira outro home non lle me há cair da cama.

TIA CARM. Non repriques, non repriques..., porque vai haber oxe n-esta casa o que nunca houbo. ¡Non che me pasaba a risa, que o que teus pais arrecadaron con tanto traballo, sirvise pra que ese langrán andivese por eses roleiros de Dios quentando a barriga o sol coma os lagartos...! ¡Rabearás vos! *(Vaise Marica cara a corte pra acomodal-o gando, o que lle leva un brazado de palla que apaña d' un feixe que estará a veira d' a porta).*

ESCENA 3.ª

(As mesmas.—Logo ó Tío Xaquín das Pombas, home coma d' uns cincoenta e tantos anos, ben conservado é de bó porte.—Viste de cada día, pro con roupa ben coidada, a estilo d' os labregos acomodados.—E viudo de Rosa d' as Pombas, d' a que lle quedou un fillo úneco, Xan, moi dado o señorío, e que bebe os ventos por Marica da Pontella).

TÍO XAQUÍN *(Dende a porta da eira)* ¡Ou da casa...!

TIA CARM. *(Dende drento)* ¿Quen e...?

TIO XAQ. *(Denda a porta)* ¿El pódese entrar...?

TIA CARM. *(Dende drento)* Eentre o que sea, e choya a porta pra aló.

TIO XAQ. *(Entrando)* Dios entre aquí, e boas noites nos dea Dios a todos. *(Pousa a un lado a sacha que traguerá n-á mau).*

TIA CARM. Boas noites *(Roparando n-o Tío Xaquín).* Cousa nova por acó...

TIO XAQ. Cadrou así.—Fun botal-a y' auga, e de camiño dixen, dis : bo... e xa que che estou aquí, vouche dar unha volta pol-a Pontella que, así coma así, non volvín a tripar aquelas portas, dendes que morreu Goros—Diol-o goce—Y' aquí me tes.

TIA CARM. Pois achégate a diante y' arrima ese tallo que o que é o tempo, non está senon pra botal-o día d'acabalo dos tizós.

TIO XAQ. *(Sentándose o lume).* Y' abofellas que cuase che non trao tentos.—Está caindo unha xiada que corta coma un fouciño.—*(Colle un tizón y' acende un cigarro que tira de detrás da orella).*

TIA CARM. Eu non sei que vai ser de nos.—Nin quedan verduras, nin comida pr-o gando, nin leña de modo.—O esterco n-as leiras arrofiando de todo sin

podel-o esbardallar...—En fin ¡Dios nos tienga de su mano...!

MARICA (*Saindo de acomodal-o gando*). As boas noites lle dea Dios, Tio Xaquín.

TIO XAQ. (*Roparando n-ela*). Boas noites, Mariquiña.—E logo ¿seique andamos de parrafeo...?

MARICA ¡Como non parrafee con miña nai, ou c-os bois!

TIO XAQ. Bueno, bueno.—D-o voso tempo, perguntálle a tua nai o que ela facía n-estas noites longas d' o inverno...

MARICA No, pois ela non di eso.

TIA CARM. Eu, n-os meus tempos, mozos nunca me faltaron —en boa hora vaya dito—, per' o ben sabes tí, Xaquín, que eu daba parola a un cento, sin descoidal-os meus labores, y' eso que, moitas e das veces, a miña cociña, mesmamente feguraba unha ruada.—Pro oxe en día, as mozas son de outro xeito, Xaquín; todo ha de ser as escuras... ou d-a banda de fora d-a porta... ou n-o pendello..., ou n-o carreiro d-a fonte..., pro el decote as agachadas.—Foxen d-a lus coma os morcegos, y' eso e o que eu non quero, porque o lume xunto a estopa...

TIO XAQ. Non digas mais, meniños a porta...

MARICA Pro, cando a unha moza lle non gusta mais c-a un mozo, e con ese lle non deixan parolar a lus, ten que percural-a escuridade. (*En autitude de se marchar*). E... por un pouquechiño, que me vou n-un brinco tornal-á auga.

TIA CARM. Xa che dixen que agora n-e horas de se ir pr-o prado.

MARICA Ay... por min... como vostede queira, pro c-o a xiada que está caindo, veremos que lle dá mañá de comer o gando.

TIO XAQ. Por eso que n-haxa enfado; cádrame en camiño, e

ningún traballo me custa arrimarlle o caneiro un par de terrós.

TIA CARM. Diol-o pague, pro tamen ela pode ir, e senon que fora mais cedo.

MARICA En que quedamos,.. ¿vou ou non vou...?

TIA CARM. Vaite logo, ¡e que te non vaya buscar eu...!

MARICA Non parece senon que me perdin algunha ves... *(Vaise)*

TIA CARM. Pro muller, que decote hás ter algo que repricar... *(O Tío Xaquín)*. Cría fillos, Xaquín, cría fillos, que eles che darán o pago.

TIO XAQ. E ti escusas de te queixar que, o cabo unha muller inda se domea.

TIA CARM. Non digas, Xaquín, non digas; dés fillos quixera eu ter e non unha filla, que un home c-un pau o lombo, busca a vida de calquera xeito, e se ten algun tropezo, aló elas, que eles pra casa de seu pai non levan nada.

TIO XAQ. Eso e certo, pr-ó non é o que Dios manda.—Un home, cando é home, se fai o mal, ben sabe que o fixo, e se ten concencia, compre c-o a sua obrigación, como fan os homes.—Ti ben sabes que eu, asi como me ves, se non fora por aquela lixeireza que tiven c-o a miña difunta—que aquí pr' antre nos, abofellas fora sin querer—poida dar que me non casase c-o ela; pró, xa feito o mal, non tiven cara a negalo, e dixen, dis:—Xaquín, mozas e verdade que hay moitas n-a aldea que chė non dirán que non se é que as portendes, pró dempois decote han ter aquelo prá che enzoufal-a cara y-é millor que limpes ese lixo que che saeu n-as Pombas, que, asi coma así, as mulleres todas son a mesma cousa, dedo arriba... dedo abaixo.—Y' así foi, zarrei os ollos, e cando espertei... xa tiña o xugo a caluga.

Demp ois, xa se sabe, tivemos tamen as nosas cousas, pró como me non tiña nada que botar n-a cara, decote perdía ela.—Y' así fomos turrando hestra que Diol-o quixo.—¡Pro, de calquera xeito, ninguen sabe o que é a falta de unha muller n-a casa, entramentres se n-atopa sin ela...!

TIA CARM. Si, home, sí; pro os mozos de agora non che son coma os de denantes.—Parece que teñen empeño en botar a perder unha muller, sosmentes pra se rir entre eles da valentía.—Oxe n-hay crianza, nin temor de Dios, nin nada.—Eu decote o digo:—mociños coma Xaquín d' as Pombas é Goros d' a Pontella—Diol-o goce—n-os volve a haber n-a aldea,—¡ay eso non...! Porque tí, e certo que tivechel-o que tiveches, pro ben se ve que foi un descoido, y' un descoido ten-o calquera, amais que, ó cabo, lavachel-á concencia: pro dille eso os mozos d' agora, ¡no fan, Xaquín, n-o fan e acabouse...!

TIO XAQ. N-e eso, Carmela, n-e eso; e que os mozos de agora son mais espabilados que nos.—Viron mais, porque eles xa naceron c-os ollos abertos, e nos inda damol-as boqueadas c-o eles zarrados.

TIA CARM. Non volvas por eles, Xaquín, que abofellas se hay un bo.—Eu ben sei que a culpa n-é toda de eles, elas tamen son boas—e contra min falo, que estou criando unha filla, è non sei o que Dios lle terá gardado—pro, abofellas, andan todas coma as cadelas, é Dios m-o perdone que non sei o que digo.

TIO XAQ. E que tamen son mais espabiladas que vos.

TIA CARM. Serán, non son así pra traballar, rabearan elas.

TIO XAQ. Hay que lle dar a cada un o seu, Carmela, que nos nosos tempos tamén pasaban dous cartos d' o mesmo lerio

TIA CARM. ¡Qué había de pasar, home, que había de pasar...! ¿Tí vichel-á miña descant-há que vai botal-a

auga, é inda non volveu,..? E coidarás tí que está razando pol-a y' alma de seu pai... (*Erguese, é chegándose a porta*) ¡Ou Marica! (*O Tío Xaquín*) ¡E dempois queres que haxa pacencia...! O caldo degaxando todo n-o lar..., a facenda sin manter... o formento n-a artesa pasándose de lébedo... y' ela sin aparecer...—E dempois que son mais espabiladas..., espabiladas son, rabieira, pro e d' a léngoa. (*Ponse a atizal-o lume*).

TIO XAQ. (*Dempois de unha pequena pausa*). Ou Carmela...

TIA CARM. (*Enfadada*). ¿Qué e o que queres...? ¿Inda me vas decir que teña pacencia...? ¡Pois mira que m-atopas d-un aire...! E cadra ben,—é ben sabe Dios que cho non quería decir— pró a culpa de todo esto ten-a o teu fillo, que n-a deixa a sol nin a sombra; y' esto ten que se acabar, Xaquín, ¡esto ten que se acabar!...

TIO XAQ. ¿E sabes que me estou decatando que tampouco ela lle non foxe moito...?

TIA CARM. ¡Pois cata que-a comenencia e grande...

TIO XAQ. Bo..., tal pra coal.—Pro non e ese o caso;—o caso e que o meu rapás, tamén dende que anda envolto c' o a tua filla, leve o diaño se fai outra cousa que andar c-o a carabina o lombo axexando a lebre, y' os traballos están todos sobor d' as miñas costas.—Y 'agora tamén digo eu que esto ten que se acabar.

TIA CARM. (*Endinada*). Pois a miña filla, pol-o d-oxe—y' en boa hora vaya dito—,non percisa de ninguán, que inda ten que comer n-a su casa, graceas a Dios; e se coidabas outra cousa, coidabas moi mal.—Non traballei eu o que traballei, pra que o lacoeiro do teu fillo veña runfar moy goapamente a conta do que fixeron os mais: non é non.

TIO XAQ. Para a burra, muller; agarda un pouco que o que

viña, inda ch' o non dixen.—O meu fillo, pol-o d-oxe, tamén pra si, ten abondo, e non percisa, libre d-unha soberbia, do teu, nin do de ninguén. —Pro é o caso que che non viven un sin o outro, e namentres estean así, as anadas lev-as Dios, porque non hay quen traballe de modo.—Y' así eu cavilei que o millor d-o conto era casalos, a ver se acougan, que senón... esto ech' e unha perdiceon, Carmela, así Dios me salve.

TIA CARM. Xa che dixen que eu n-os quero n-a casa, que non estou afeita a manter perguiceiros, nin traballar pra que se outros adevirtan a miña conta.—E será ben que te non canses mais.

TIO XAQ. Se me deixaras parolar, podías aforrar moito xenio, pro se o queres parolar tí todo, entonces terei que me ir, porque che non teño gana de perdel-o tempo.

TIA CARM. Pois acaba d-unha ves.

TIO XAQ. Agarda.—O meu rapás, ten pra sí, como che levo dito, y' o que lle compre agora, e unha muller que lle goberne a casa.—El mirou pra tua filla... como pudo mirar pra outra calquera, que n-eso nunca foi arroparado..., e... gustoulle a tua filla, porque, eso sí, e n-é porque tí esteas diante, pro... boa moza ea, caranio, que inda eu, vello e todo, se me vira n-os meus vintecinco, y' o pasado, pasado, recontra, non respondo de mín.—Pro n-e ese o caso.—O rapás, como tí comprendes, veu que lle chegaba a hora de se acomodar, e foi e díxome: Padre: n-esta casa faí falta unha muller, pois dende que morreu miña nai—Diol-a goce—esto anda coma o trasno; compre lavar, y' hay que buscar quen lave; compre cocer, y' hay que percurar quen amañe a cocedura; compre romendar unha camisa ou unhas cirolas, y' hay que ir decote fo-

ra... y' esto, sin contar que temos nós que facel-o caldo, muxil-as vacas, batel-a manteiga, y' outras cousas.—Unha criada, se e vella, e unha disgracia, porque todo se volve reumas e fratos, e se é moza, inda e mais disgracia, porque... porque pode ser unha disgracia.—Y' así o millor e que vostede se case, se e que non quere que me case eu.—Dígoche, Carmela, que abofellas me crebou as cordas, e dixen, dis: ten razón o rapás, caranio, que aquí compre unha muller, sea como sea.—E destonces, fun e díxenlle o rapás: Vaite deitar, Xan; teño que cavilal-o conto, é mañán xa falaremos.—Dígoche que estiven tod' á noite cavilando, e por mais que romexín e romexín, por ver se inda atopaba algo pra min—que o cabo, os meus anos non desfacía vida, libre d-unha soberbia—, n-acertei a dar con cousa qu-o gato lamba.

TIA CARM. (*Toda remilgosa*).Bo... non buscarías ben...

TIO XAQ. Verás.—Buscar, busquei, e... ¡qué demoro...! tamen—e n-e por me gabar—paréceme a mín que inda atoparía; pro cavileino millor, e dixen: Xaquín, o diaño estrevilla moito, e se cadra... e coma o que dí, o que non xoga, nin gana, nin perde, y' o mellor e que non xoges... pol-o que poida dar.—Conque, erguinme pol-a mañán, chamei o rapás, e dixenlle eu moito: Vel-aquí, Xan, ¿tí tes moza? Teño.—¿Y' el estás porparado pra te casar? —Estou.—¿Y' ela quérete?—Quere.—Pois de aquela, antes oxe que mañán. ¿Quen é a moza?—Marica d' a Pontella.—Caranio, e ¿sabes que non tes mal ollo? N-a puden atopar millor.—Quéroch-o crer, ho.—¿E tí contas c-o a Tía Carmela? pois ben sabes que nos garda algunha aquela, promes do arreglo da pasantía da eira, e n-ha ser boa de torcer...—Eso e cousa miña, pois xa me dixo o Se-

ñor Maestro que como a moza quixese, o mais amañab-o él, y' a moza quere.—Mais como a min decote me gustou loval-as cousas pol-a boa fé, por aquelo de que mais val un cativo arreglo que unha preiteada grande, cavilei que o millor era contarche o caso a ver que decías ti, que o trato decote e trato.—Como ti comprendes, eu non meto nada n-a faltriqueira, pro como se trata d-un meu fillo, non quero que dempois teña que decir que tal ou que coal.—Así que, cavila ben o conto que, así coma así, n-e que sea unha gran comenencia, pro tampouco e ningunha cousa fora do orde; eso é.

TIA CARM. E de ese xeito, a casa da Pontella, queda desfeita, y' a casta dos Martis que decote tivo sóna de grande n-a aldea, cai pra se non erguer mais.—Y' eu n' o cabo d-os meus anos, verme aquí soliña, e non de Dios, entre estas catro paredes, coma se fora unha caseteira.—Non, Xaquín, non; a miña filla, pol-o de agora, inda lle non corre presa de se casar, e cando lle chegue o tempo, xa o facerá n-a sua casiña, que a ten ben boa, gracias a Dios, e en boa hora vaya dito.

TIO XAQ. N-e eso, Carmela.—A tua casa, ha ser decote a casa dos Martís da Pontella; porque anque a tua filla se non vaya casar fora, de todal-as sortes, non se casará con un Martis; mais anque, un falar, se dera o caso, ese Martis, nunca seria un Martis da Pontella.—De xeito que, promes da casta, non debes arroparar, porque a casta e a mesma, que case con Xan, ou case con Pedro, e promes da casa, que demoro, a casa queda en pé o mesmo, pois non tendo, pol-o doxe, mais herdeiros que Marica, pra ela ten que ser todo, que case n-a casa, ou que vaya casar fora; e d-esa sorte, xuntando o

hérdamo das Pombas que leva o meu fillo, c-o hérdamo da Pontella, que leva a tua filla, faise un maorasgo, recontra, que che non hay can que o roya.—Y' eu, vel-aqui, Carmela, por min que non sea a desfeita; pro destonces teño eu que apañar unha criada, e cando elas ven que hay un home solo n-a casa, e com' o que di, de seguida queren mandar mais que o amo, e se lle non dás creto, de camiño che se escomenzan a queixar que... guindan auga d-enriba do corazón... qu-ó estámago lle non coce a comida... que os cadrís andan coma xuncras..., emprencipia o ruxe, ruxe, y' o diaño que coute as léngoas cando a xente da en decir que unha muller está... enferma, eso é.—¿Dixen algo, ou non dixen nada?

TIA CARM. Vel-aquí, Xaquín, eu non quero decir que non teñas algo de razón; decir, ben dis; pro ¡que cariño! eu de ese xeito, quedo sola, sin ter quen me ferba unha auguiña, nin quen me bote unha mau, s-e que algunha ves me fai falla, que todo pode cadrar.—Eu ben vexo que a miña filla se derrete pol-o teu rapás, e se se non casa c-o él, hestra teño medo a algunha disgracia, que... dempois non ten romedio, por moito que se romende (*chorando*) ¡pro coidar que hei quedar aquí soliña antre estas catro paredes...!

TIO XAQ. N-e eso, Carmela.—Eu, e com-o que dí, se falei mal, desemula, pro coido de mín, que n-e cousa coma pra chorar.—De calquera xeito, n-este mundo todo ten amaño, y' esto tamén o a ter.—Tí xa n-es unha nena pra te non dar a razón.—Deix-os que se casen, e se te non atopas sin Marica, ¡que carozo! onde caben tres, tamen caben catro; vas tí tamen pr-aló, sin aquela ningunha, pois unha cambariña y' un brazado de palla, inda o hay.

graces a Dios, e por eso non s-há de ancheal-a casa, nin botar mais unto o pote.

TIA CARM. (*Remilgosamente*). ¡Dil-as cousas d-un xeito, que cuase se che non pode decir que non as dreitas...!

TIO XAQ. Pois morr-o conto, e non se parola mais do caso.

TIA CARM. Ay, Xaquín, dígocho como o sinto, n-a miña vida coidei que a heredeira d-os Martís da Pontella, chegase a emparentar c-os Fernandes das Pombas ¡Se inda me parece que n-é certo...! Pro dil-as cousas con tan boa aquela, que, abofellas, inda coído que estou parrafeando con aquel Xaquín das Pombas que eu conocín hay vint-anos... ¡antes do descoido de Rosa...!

TIO XAQ. Pois cata que mesmo ll-andas a rentes, porque, ou moito mente a memoria, ou sonche o d-aqueles tempos, pelos mais..., pelos menos..., mais ben menos que mais.—E xa verás como son o mesmo...

TIA CARM. (*Moy tenra*).—¡Ay, Diol-o queira...! (*Erguéndose de súpeto*). Pro esta rapaza non volve...

TIO XAQ. Bo... non ch-há de andar moy lonxe o melro...

TIA CARM. (*Dende a porta*). ¡Ou Marica ..! ¡Ou Marica...!

ESCENA 4.ª

(Os mesmos e Marica da banda de fora da porta. —Logo Xan).

MARICA (*Dende fora*). ¡Berre pouco, muller, ou seique coida que estou xorda...

TIA CARM. (*O Tio Xaquín*) ¿Pro tí viches, Xaquín, que crianza de fillos...? ¿Tí viches que modos pra sua nai...? (*A Marica*) Anda xa pra drento.

MARICA (*Con malos modos*).—Agora vou.

TIO XAQ. (*A Marica*).—Entra, muller, entra, ou millor dito, entrade, que me ole a mín que n-há de andar lon-

xe o paxáro.—Deixá os vosos contos pra outro día que xá terés tempo abondo, e pasá pr-acó, que temos que tratar d-outro lerio.

MARICA (*O Tío Xaquín*). ¿E vostede qne sabe con quen estou parolando...?

TIO XAQ. Sea quen queira, vos pasá pr-acó, que vos teño que contar un conto moy goapo.

TIA CARM. Pasá, muller, pasá, que o cabo, xa podés pasar.

MARICA (*A Xan que estará fora*). Pois xa que o mandan, haberá que se guiar. —Entra Xan. (*Entran os dous*).

XAN (*Deixando a carabina ond-a porta*).—Dios entre aquí, e as boas noites nos dea Dios a todos.

TIO XAQ. / TIA CARM. Boal-as dea Dios.

TIA CARM. Sentavos por ahí, que aquí Xaquín non sei o que vos ten que decir. (*Séntanse os dous n-un tallo que haberá a rentes da porta da corte, algo alonxados da lareira*).

TIO XAQ. Vel-aquí, rapaces, esto e coma o que dí, as cousas en quente.—Aquí eu amáis Carmela, hay un bo anaco que estamos temeando prómes de vos; eu, arre que sí, y' ela, arre que non; eu que por acó e que por aló, y' ela que tumba e que dalle, e que seino eu; que das Pombas a Pontella, que da Pontella as Pombas, que os Fernándes d-unha banda, e que os Martís pol-a outra... o fin das contas, pudemos chegar a un trato, que así coma así, a xente parolando se entende.—Conque, fun e dixenlle eu: Carmela: o meu rapás amail-a tua rapaza, teño pra mín que se queren ben, e cando dous se queren ben, o millor e axugalos como Dios manda..., denantes que se axuguen eles como non manda Dios (*A Tía Carmela*) ¿E así, ou n-e así...?

TIA CARM. Coma el avanguelio.

TIO XAQ. Conque, dempois d-unha temeada grande, eu arre que sí, y' ela arre que non, que por acó e que por aló, e que tumba e que revira, o cabo douse a razón, e tratámol-o casamento de Xan das Pombas, con Marica da Pontella, que de calquera xeito, as cousas teñen que ser como han ser, e n-hay que darlle voltas nin reviravoltas. ¿Falo ben ou falo mal?...

TIA CARM. Así foi.

TIO XAQ. Boeno; pois dempois, fun eu e dixenlle a Carmela: Vel-aquí, Carmela, as cousas hanse tratar como son, eu quero que os rapaces vayan pr-aló; e foi ela e dixo moito: Boeno, pro de ese xeito, eu quedo aquí soliña, é tal e que seino eu.—E fun eu e dixen, dis: Non quedas sola, carozo, que n-estamos tan lonxe. —A tua filla, decote ha sel-a tua filla, e anque, un falar, vaya pr-ás Pombas, pr-ás Pombas podes ir tí cando che veña ben, e sin aquela ningunha.

Y' así foi, que dempois de dalle que tes, e que tumba que revira, o cabo vense os homes, e dixo: Boeno, pois logo xa que n-hay mais romedio, sea o que tí queiras, e Dios con todos (*A Tía Carmela*). ¿El foi así ou non?

TIA CARM. Eso e.

TIO XAQ. En decil-as verdás, non me gana ninguen, recontra. (*Os rapaces*). Y' agora, a ver que apoñés vos.

MARICA E nos non temos nada que apoñer.—Os bos fillos decote deben de facel-o que seus pais despoñan; de xeito que, por mín, se e que vostedes zarraron o trato, non se parola mais do caso

XAN Pois, por mín, tampouco n-hei por reparo,—Ben sabe meu pai que decote fixen o que me él mandou, sin me meter a averigoar se era torta, ou era dreita,—Mand-o meu pai, pois cando él o manda,

razón abondo terá.—Díme agora que me case con Marica... é, claro, mand-o meu pai, e cásome.

TIO XAQ. ¡Caránio! ¿E sabes, Càrmela, que non coidei que tiñamos fillos tan ben guiados...? ¿Venia o Dios que os dou, hó...!

TIA CARM. Se han de sair a casta, non poden ser d-outro xeito.

XAN (*Aparte a Marica, dándolle un belisco n-un brazo*). —Ou Marica ¿y' el será certo?...

MARICA (*Doéndose*). ¡Ay...! Estate quedo, hó, que poden ver eles.

TIO XAQ. (*Coma queu non vé, nin oi*). Pois destonces, e ben ir cavilando cando ha de sel-o conto, porque eu ben sei que os rapaces non teñen presa, pro decote e millor que as cousas... veñan o seu tempo, anque non sea mais que pol-o ben ver.

TIA CARM. Eso e certo.—As lengoas, oxe en día, son moy malmuradoras.

TIO XAQ. Sí, y' o demo, moy estribillante. (*Ouservando que os rapaces están moy entretenidos, parolando as suas cousas*). Vamos a ver, rapaces, ¿cando querés que sea o lério?

MARICA (*Moy remilgosa*). Cando vostedes manden.—Nos non temos presa.

TIO XAQ. Bo..., eso xa o sei.—E destonces, se vos parece, será millor deixal-o conto aló pro medio do vrau, que son os días mais longos, y' hay tempo pra todo.

MARICA ¿E non será moito agardar, Tío Xaquín...?

XAN Y' adomais, pr-aló, son as noites moi curtas... e... bueno, eu, por mín, non dixen nada, pro estas cousas teño ouído que deben ser dito e feito; casamento e filloas, en quente.

TIO XAQ, ¿E tí que dis, Carmela,..?

TIA CARM. Y' eu que queres que che diga.—Cada ves que maxino que se me vai a filla, pónseme un nó aquí

n-o medio da gorxa, que mesmo me non deixa parolar, pro tamén digo que o que ten que ser que sea logo.

TIO XAQ. Pois estando todos acordes, por mín, cando se queira.—Dios bendiga todo, e... trampa adiante. ¿E así, ou n-e así...?

TIA CARM. Pois que o detremiñen eles, que e a quen mais presa lle corre.

TIO XAQ. E tamén tes razón.—(*Os rapaces*). Ou rapaces, eso do día, corre da vosa conta.—Nos zarrámol-os ollos, e cando sea hora, xá nos espertarés.—(*Vólvese pr-á Tía Carmela, e quedan os dous parolando pra sí*).

MARICA Pois non se descoiden en adormecer, que poida dar que teñan que madrugar. (*A Xan*). ¿E tí que dis...?

XAN ¿Qué digo...? Pois digo que non sei se e certo o que me pasa ou se e que estou soñando.—Digo que nin meu pai me parece o mesmo, nin a Tía Carmela, que alí vexo, aquela Tía Carmela que tantas veces me abafou, tratándome coma se fora unha cousa fora do orde.—En fin, Marica, que así Dios me salve, se aquí non anda algùn meigallo, ou eu non entendo o lério.

MARICA ¿E tí non sabes ben que eu decote che decía: «date a calma, Xan, que miña nai hase vir as boas...»?

XAN E certo, pro inda me zoan n-os ouidos aqueles berros enchéndome de perguiceiro..., sinvergonza..., galopin..., y' outras cousas mais que tí ben sabes ¡se o estou vendo, e cústame caro creelo...!

MARICA Pois pódel-o creer que che e certo; e miña nai... n-e porque sea miña nai, pro bon corazón, teno...

XAN Terá pro así e todo, o que e a min, inda me ha de custar algún traballo mirar o dreito pra ela; e se non fora por tí, recontra, inda non sei se lle non diciria que non.

MARICA Ay eso, como queiras: hestra agora, inda estamos a tempo, e n-hay nada perdido.—Eu dempois non quero que me veñas con esto ou c-o de mais aló.—As cousiñas craras y' en sazón.—Miña nai, boa ou ruín, e coma Diol-a dou, pro e miña nai, y' o home que sea meu, ha ser tamen fillo d-ela.—Se ves que lle non podes perder esa aquela que lle tes, a porta inda está aberta, podeste ir, que me non sirves.

XAN ¡Caránio! ¿E sabes que te non conozo...? Tiñanme dito que as mulleres non despechaban o ferrollo do peito, entramentres lle non cenguían o home a barbilla do xugo; pro tí, non debes ser coma as outras: tí xa franquéal-o taboleiro da alma, denantes que che engarren a caluga as chavellas da xugada.

MARICA A min gustáronme decote as cousas moi crariñas e desengañadas.

XAN E así debe de ser.

MARICA Eu sei levar unha risa coma calquera, cando e risa; pro cando as cousas van en serio, decote xogo c-o as cartas a vista.—O que poida ser dempois, quero que se vexa denantes, pra que me non poidan botar nunca n-a cara, que fixen trampa n-o xogo.—E se pró adiante hay engaño, que ese engaño sirva pra enchel-o corazón de risas, nunca pra arrincar vágoas da y' alma.

XAN Vólvoche a decir, Marica, que te non conozo, e canto mais te oyo parolar, sinto que se acende mais n-o peito o cariño que che tiña.—Denantes queríate, como eu entendía que se debe querer unha muller, como se quere unha parte do corpo que nos fai falta pra vivir; oxe, dempois de ouirte falar, páreceme que te quero d' outro xeito, como se quere o alento, coma algo que nos compre, non

pra vida, senón pra dempois da vida; quéroche como se quere a unha nai, cando esa nai se perdeu, quéroche como se quere... (*En vos vaixa*) como se quere... ¡a Dios! (*Alto*). E xa teño medo de morrer (*agarrándoll-as maus cariñosamente*) sin que os teus brazos se cingan arredor da miña vida..., sin que o corazón latexe o par do teu corazón... sin sentir n-a miña boca o arume do teu alento... sin que seas miña... ¡miña... hestra dempois da morte!

MARICA Non tanto, non pido tanto.—Sólo quero que me queiras como deben querer os namorados, como eu che quero a tí, y' e abondo (*Siguen parolando pol-o baixo.*)

TIO XAQ. (*Enxugando unha vágoa o ver a alegría dos rapaces*) Ou Carmela ¿é tí víchel-o diaño...? ¿E non parece que estou chorando...?

TIA CARM. (*Limpándose tamén.*) No pois eu non parece, eu choro de veras.

TIO XAQ. (*Botándolle un brazo arredor do pescozo a Tia Carmela.*) Din que o corazón decote e mozo y' abofé debe ser certo.

TIA CARM. (*Soparando sin moita forza o brazo do Tio Xaquin*). Non seas tolo, non.

TIO XAQ. E que c-o estas cousas, vólvese a espertar o sangre, que parecía morto, e n-está senón dormente.

TIA CARM. Léria, léria,

TIO XAQ. E ¿va que n-acertas no que estou cavilando...?

TIA CARM. Bó... algunha toleirada.

TIO XAQ. Vel-aquí, Carmela: agora en serio.—Algun tempo inda nos lovamos ben e... ¡que demoro!... a mín párceme que non somos tan vellos pra lle facel-a crus o mundo.—Eu son libre, tí tamén, os rapaces van pr-as Pombas e... ¿non podíamos quedar nos n-a Pontella...?

TIA CARM. (*Moi remilgosa*). Non seas tolo. non. ¿Qué decirian os rapaces...? ¿qué deciría a xente...?

TIO XAQ. A xente diga o que queira, que cada un se o ten, cómeo, y' o que non ten pan. xa ceou.—Y' os rapaces. o que eles queren, e que os deixen solos.

TIA CARM. (*Moi mimosa*). Ay. pois eu non lle digo nada... ¡Dios me librara!

TIO XAQ. Por decir, dígollo eu. verás. (*Os rapaces*). E logo. ¿xa detremiñastes...?

MARICA Inda non, pro eso logo se detremiña.

XAN Eu cavilo que tres somanas. teñen abondo pra poñer todo en orde.

TIO XAQ. Non e moito, pro. como chegar. ben chegan.—Y' agora temos que tratar d-outra cousa.

TIA CARM. (*Moi avergonzada*). Non seas tolo, Xaquín...

TIO XAQ. (*Sin lle dar creto*). Boeno. pois e o caso que vos ides pr-as Pombas. pro esta muller queda aquí sola. porque n-e cousa de desamparar esta vida. e... ¿que vos parece se me eu quedara c-o ela...?

MARICA E dempois de todo. a cousa non ten malicia. pro... ¿e que diciría a xente?...

XAN Eso digo eu. porque. anque os seus anos n-hay porque desconfiar. de calquera xeito. as léngoas malamente se coutan. cando atopan algun hoso en que lamber...

TIO XAQ. Eso mesmo cavilamos nos tamén. pro destonces dixen eu moito: ¿e qué...? o Señor Cura, cústalle o mesmo traballo bandecir a dous que a catro. e xa que Diol-os dá. o mesmo ten, unha comparanza. darlle unha ducia de hovos. que duas...

XAN E Ma. Ja... ja... ja...

TIA CARM. (*Avergonzada*). ¿N-o viches. Xaquín, n-o viches...?

MARICA Pro... ¿abofellas falan en serio...?

TIO XAQ. Así Dios me salve...

XAN ¿Y' el e certo. Tia Carmela...?

TIA CARM. Bó... e que teu pai e un toleirón, pro non lle deás creto...

MARICA Pois mire, así coma así, eu inda n-atopo a cousa tan torta, nin tan fora de razón; e se lle hei de decil-a verdade, non lle me iba moi a gusto, cavilando en que vostede quedaba aquí soliña antre estas catro paredes, e de ese xeito, voume mais leda, ¿non cho parece, Xan...?

XAN O certo e que se había de acabar eu pra escomezar meu pai, tamén me parece que o millor e que acabémol-os dous a un tempo; eso irán ganando os bés.

MARICA Pois hala xá.

TIO XAQ. (*A Tía Carmela*). ¿N-o viches, Carmela...? (*Os rapaces*). E logo parécevos ben que aló pra semana...?

XAN (*Con sorna*). E non sería millor aló pro cabo do vrau...?

TIA CARM. N-é moito, pro hay que ter en conta que pra estonces, apuran mais os traballos, e....

MARICA Bueno, e... ¿quen llo dí a xente...?

TIO XAQ. (*Erguéndose e encarándose c-o púbrico*) E... je... je..., vos xa o vistes: o que non quere caldo... sete cuncas —Non se quería un e van dous... o corazón... nunca e vello, y' o lume xunta a estopa... (*O fillo*). ¿Qué dixeches tí...?

XAN Eu non dixen nada.

TIO XAQ. (*O púbrico*). Pois logo... as boas noites... e desemulen... je... je... ¡Ah!, e se gustan... un anaquiño de porco... e unha pinguiña de viño, non há de faltar, que graces a Dios hayno n-a casa, de xeito que... sin comprimento ningún... Bueno, pois logo... as boas noites..., e desemulen.

(*Cai o pano pousadamente*).

FIN